

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 10904** *Lei 15/2013, do 17 de outubro, pola que se establece o financiamento con cargo aos orzamentos xerais do Estado de determinados custos do sistema eléctrico, ocasionados polos incentivos económicos para o fomento á produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxías renovables, e se concede un crédito extraordinario por importe de 2.200.000.000 de euros no orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e A entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2013, consigna no orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo un importe de 2.921.467,86 miles de euros na aplicación 20.18.425A.748, «Á Comisión Nacional de Enerxía para financiar custos do sistema eléctrico previstos no artigo 16 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico».

Por outra parte, a disposición adicional quinta da referida Lei de orzamentos xerais para 2013 establece que nas leis de orzamentos xerais de cada ano se destinará a financiar os custos do sistema eléctrico previstos no artigo 16 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, referidos ao fomento de enerxías renovables, un importe equivalente á suma da estimación de recadación anual correspondente ao Estado derivada dos tributos incluídos na Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, e o 90 por cento do ingreso estimado pola poxa dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, cun máximo de 450 millóns de euros.

A estimación da recadación anual en 2013 correspondente ao Estado derivada dos tributos referidos ascende a 2.921.467,86 miles de euros, que é a mencionada contía consignada nos orzamentos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Ora ben, tendo avanzado no proceso de estimación da evolución dos custos do sistema eléctrico e dos ingresos que os financian, apréciase un grao maior do previsto na insuficiencia dos ingresos.

En efecto, producíronse, por unha parte, un crecemento do custo do réxime especial debido a un incremento das horas de funcionamento superior ao previsto e a un incremento dos valores retributivos por unha indexación á cotización do Brent, e, por outra, unha minoración dos ingresos por peaxes motivada por un descenso da demanda moi acusada, como puxo de manifesto a Comisión Nacional de Enerxía. Así, no seu Informe 35/2012, do 20 de decembro, sobre a proposta de orde pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de xaneiro de 2013 e as tarifas e primas das instalacións do réxime especial, destaca a aparición de novas desviacións nas estimacións de custos e ingresos tanto para o feche de 2012 como para 2013.

Nestas condicións, os ingresos derivados das peaxes eléctricas e das partidas actualmente consignadas na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2013 resultan insuficientes.

Dado que a solución mediante un novo incremento das peaxes de acceso penalizaría as economías domésticas e os custos das empresas, efecto agravado pola actual conxuntura económica, o Goberno optou pola alternativa dunha medida temporal consistente na cobertura de parte dos custos do sistema destinados ao fomento das

enerxías renovables mediante transferencias específicas dos orzamentos xerais do Estado financiados mediante un crédito extraordinario.

De acordo co disposto no artigo 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, cando deba realizarse con cargo ao orzamento do Estado algún gasto que non se poida demorar até o exercicio seguinte e non exista crédito adecuado, deberá procederse á tramitación dun crédito extraordinario.

Por esta vía afróntase a solución dun problema conxuntural evitando un novo esforzo aos consumidores, que afectaría a súa capacidade de consumo e investimento, ben que durante o ano 2013 se abordarán novas medidas regulatorias para axustar os custos do sistema eléctrico, mellorar a súa eficiencia económica e avanzar na liberalización do sector, todo isto co obxectivo principal de minorar o impacto da factura eléctrica sobre os consumidores e contribuír á mellora da competitividade das empresas e ao desenvolvemento da actividade económica.

A dotación desta partida abórdase nesta lei con carácter de urxencia, por canto resulta imprescindible para o cumprimento do escenario orzamentario que supón a orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo pola que se aproban as peaxes de acceso ás redes para este exercicio. Sen este importe non se podería alcanzar a suficiencia de ingresos do sistema, necesaria para garantir a súa sustentabilidade económica.

Artigo 1. Financiamento polo Estado de determinados custos do sistema eléctrico.

1. O Estado financiará no ano 2013, e polo importe máximo de 2.200.000.000 de euros, parte dos custos do sistema eléctrico ocasionados polos incentivos económicos para o fomento da produción eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

2. Mediante acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos determinaranse os prazos e contías en que se materializará o financiamento referido no número anterior.

Artigo 2. Concesión de crédito extraordinario.

1. Para efectos do disposto no artigo 1.1, concédese un crédito extraordinario no vixente orzamento da sección 20 «Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo», servizo 18 «Secretaría de Estado de Enerxía», orograma 425A «Normativa e desenvolvemento enerxético», capítulo 7 «Transferencias de capital», concepto 749 «Á Comisión Nacional de Enerxía (CNE) para financiar custos do sistema eléctrico ocasionados polos incentivos económicos para o fomento da produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico», polo importe de 2.200.000.000 euros.

2. O crédito extraordinario que se concede no número anterior financiarase con débeda pública.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 17 de outubro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY